Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7CGTR53JH5RG6ORU7G6V7QGM.

Acta de Reformulo Previo, de data 08/03/2022.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CGT3PB565XDML2M6WOAPSGY.



Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7DVXJNFVPYUWB7UJ7ECZISLY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7DVXIPGBPSZ66O2XUMEVDEMY.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO.- Reparación fachadas Pazo Provincial, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 170.000,00 €, dos cales 29.504,13€ corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade”, P.K. 12+845 a 15+350.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade”, P.K. 12+845 a 15+350, consta no mesmo:

Proxecto da obra SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade”, P.K. 12+845 a 15+350, con CSV: IV7CG6QPFNO6TPGI4X4EOERCMU.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CG6QOJAGJ72UZWMNVAQIOME.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7CG6QOLT4P2TRYSF5F6I36IE.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7CG6QPGAGNVLH3WFGNORDEEA.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CGCDNHBZJRSVIAQX46ECWEM.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscripción de póliza seguro todo risco construción.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7DVXJNFZFO5W4Z2YODKEHOK4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7DVXIMNYB4LK4M45QQCBAQE4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade”, P.K. 12+845 a 15+350, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 134.667,45 €, dos cales 23.372,04 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2021.

Escrito do Concello de Foz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adjudicación dos investimentos 99-101-102 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe e informe complementario do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Foz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (99-101-102) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.



O Concello de Foz presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FOZ	99	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE NOIS, FAZOURO, SANTA CECILIA E VILAXOANE, -FOZ	1531.76201	7.301,61 €
	101	MELLORAS NOS PARQUES INFANTÍS RÚA UXÍO NOVONEIRA E PASEO COLÓN	1711.76201	11.000,55 €
	102	INSTALACIÓN DE CONTENEDORES SOTERRADOS NO PASEO COLÓN	1621.76201	1.835,90 €

Por escrito de data 19/04/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL PRAZA DE GALICIA	1711.76201	--	11.000,11€	11.000,11€
	REM	MELLORA DE CAMIÑOS 1C.1.0477, 1C1.0488 e 1C.10717	1531.76201	1.980,36€	7.301,61€	9.281,97€
	REM	ADQUISICIÓN COLECTORES DE RECOLLIDA SELECTIVA	1621.76201	197,63€	1.835,90€	2.033,53€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Foz, no Plan Único 2021”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Foz e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL PRAZA DE GALICIA	1711.76201	--	11.000,11€	11.000,11€
	REM	MELLORA DE CAMIÑOS 1C.1.0477, 1C1.0488 e 1C.10717	1531.76201	1.980,36€	7.301,61€	9.281,97€
	REM	ADQUISICIÓN COLECTORES DE RECOLLIDA SELECTIVA	1621.76201	197,63€	1.835,90€	2.033,53€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN Á RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REINTEGRO DA AXUDA PROVINCIAL, PARA INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019. CONCELLO DE ANTAS DE ULLA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento que se refire ao investimento do concello de Antas de Ulla indicado a continuación e que dispón o seguinte:

Nº	Denominación
12	Renovación de instalacións de iluminación exterior en Antas de Ulla en San Mamede – Agüela – Alvidrón – Portocarreiro – Feás – Alvidrón – Mancegar – Pereiras – Casilmoure – Ribó – Caira – Amoexa – Outeiro de Amoexa – Funsín – Randulfe – Arcos – Veloín – Pumar – Cabo de Arcos – Nugallás – A Fraga – Río – A Somoza – Castro – Santa Cristina – Medeiro – Barreiro – Outerio de Donas – Fondevila de Suar – Aboi – Suar – Santa María – Casadenaia – Cebreiro – Bertosende – A Cervela – Quintela, incluído honorarios

“Visto o expediente relativo á axuda integrada no PUCC19 do investimento que se indica a continuación, procede informar:



Nº	DENOMINACIÓN
12	Renovación de instalacións de iluminación exterior en Antas de Ulla en San Mamede – Agüela – Alvidrón – Portocarreiro – Feás – Alvidrón – Mancegar – Pereiras – Casilmoure – Ribó – Caira – Amoexa – Outeiro de Amoexa – Funsín – Randulfe – Arcos – Velóin – Pumar – Cabo de Arcos – Nugallás – A Fraga – Río – A Somoza – Castro – Santa Cristina – Medeiro – Barreiro – Outeiro de Donas – Fondevila de Suar – Aboi – Suar – Santa María – Casadenaia – Cebreiro – Bertosende – A Cervela – Quintela, incluído honorarios

Na sesión ordinaria do 26/02/2019 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC19, que foron publicadas no BOP Nº 052 de data 02/03/2019. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o 21/05/2019, acordou prestar aprobación ao PUCC19, no que figura o investimento obxecto deste informe.

A base 18ª BPUCC19, modificada mediante acordo plenario de data 29/09/2020, establece que os investimentos deben estar terminados na data límite do 31/10/2020 e a documentación xustificativa da súa execución debe remitirse á Deputación na data límite do 15/11/2020. No mesmo sentido se pronuncia a base 21ª.1 BPUCC19 que establece que: “Os concellos, segundo o prazo sinalado para cada un dos programas, presentará conta xustificativa para cada programa, investimento, actuación, evento ou actividade, [...]”.

Con data 10/03/2021, o Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans da Deputación, practica requirimento e o concello de Antas de Ulla, dentro do prazo adicional outorgado no dito, rende conta xustificativa á que incorpora sucesivas emendas, nas data e cos números de RE que se detallan a continuación:

Nº REXISTRO ENTRADA (RE)	DATA
2021RT003428	07/04/2021
2021RT004169	27/04/2021
2021RT004722	10/05/2021
2021RT008021	11/06/2021

Unha vez finalizado o proceso descrito no parágrafo anterior, a rendición da conta por parte do concello de Antas de Ulla finaliza; axuntando documentación da execución parcial do investimento Nº12 do PUCC19, consecuentemente mediante Decreto de Presidencia de data 20/08/2021, a Presidencia da Deputación adopta á seguinte Resolución:

“1.- Aprobado a conta xustificativa do investimento Nº 12 do concello de Antas de Ulla, incluído no PUCC19, por importe de 40.749,69 €, dos que 8.149,94 € corresponden á axuda da Deputación, e tense aboado anticipo por importe de 19.465,46 €.

2.- Resolver o inicio do expediente de reintegro da axuda integrada no PUCC19, polo importe de 11.315,52 € máis os xuros de mora correspondentes, tendo en conta que foi aboado anticipo por 19.465,46 €.”

De acordo coa determinación estipulada na dita Resolución reproducida no parágrafo anterior, a Xunta de Goberno da Deputación con data 25/02/2022 adoptou o Acordo que se transcribe a continuación e que foi notificado ao concello de Antas de Ulla con data 03/03/2022 e RS 2022RPS002888:

“1.- Iniciar o procedemento de reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo polo importe de 11.315,52 € máis os xuros de mora correspondentes ata a data do ingreso voluntario ou ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

2.- Acordar a apertura do trámite de audiencia e que se notifique ao concello de Antas de Ulla que dispón dun prazo de quince días a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste Acordo, para alegar e presentar os documentos que estime pertinente.

3.- Notificar ao concello de Antas de Ulla, que no suposto de que se opte polo ingreso da contía percibida en concepto de anticipo, o representante do Concello deberá poñerse en contacto co Servizo de Contratación e Fomento, Unidade do Obras e Plans, para que se lle facilite a liquidación dos xuros de mora.”

Con data 24/03/2022 e RE 2022RT003796, o concello de Antas de Ulla presenta alegacións ao Acordo da Xunta de Goberno sinalado no parágrafo anterior, as ditas deben resolverse tendo en consideración que do exame do expediente se desprende o seguinte:

Concello e Deputación aceptan as BPUCC como documento esencial nesta relación xurídica entre as partes, a dita se agota coa acreditación da execución do compromiso asumido por parte do Concello, mediante a rendición de conta xustificativa e co posterior pagamento da axuda correspondente por parte da Deputación. En consecuencia, ambas partes aceptan o contido das BPUCC, asumindo que calquera incumprimento das mesmas contraviría os actos propios, a boa fe e a seguridade xurídica.



O concello de Antas de Ulla indica, a teor literal o seguinte: “Primeiro: Respecto á execución do proxecto en dúas fases diferenciadas (antecedente 7), reitérase o exposto na “Memoria de actuacións realizadas”, asinada pola Alcaldía con data 07/04/2021, así como no “Informe do enxeñeiro industrial”, asinado por D. Alfonso Fernández Losada, director de obra, con data 26/04/201, nos que se manifesta a eventualidade de executar a obra en dúas fases diferencias (pese á previsión inicial) debido á situación producida como consecuencia da pandemia do Covid-19, que ocasionou problemas e retrasos moi importantes na subministración das luminarias, reiterando a excepcionalidade desta situación, allea ao Concello”.

A base 19ª BPUCC19 preceptúa que “Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración”, “Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na LCSP.....”, as ditas estipulacións son de obrigado cumprimento para os concellos adheridos ao PUC19, pero na Deputación non consta solicitude de modificación ningunha para o investimento Nº12 do concello de Antas de Ulla.

Do contido do expediente se deduce que o concello de Antas de Ulla executa o investimento Nº12 en fases diferenciadas, desdicindo o indicado no proxecto achegado para a aprobación e inclusión no PUC19 do dito e a resposta da Deputación ao respecto non pode ser contraria ao principio xeral de dereito de igualdade en observancia do precedente administrativo, xa que logo, existen outros investimentos que gardan identidade substancial co Nº12 de Antas de Ulla nos que foi respectado o proxecto técnico da obra ou ben foi solicitada a modificación do dito de acordo co establecido na base 19ª BPUCC19, polo que non existe causa que permita facer unha excepción con respecto ao investimento Nº12 do concello de Antas de Ulla.

En segundo lugar, o concello de Antas de Ulla indica, a teor literal o seguinte: “Segundo: Respecto á afirmación de que as actuacións efectivamente executadas polo Concello son inferiores ao investimento aprobado Nº 12, polo que procede aplicar o estipulado na base 21.2ª BPUCC19, do que resulta que a aportación da Deputación deberá ser proporcional (antecedente 7), faise constar que o referido investimento Nº 12 foi integramente executado, e a documentación xustificativa da Fase II debidamente remitida a esa Deputación Provincial en data 18/11/2021, número de rexistro

na Sede Electrónica da Deputación 2021RT017641 (achégase copia do recibí), polo que, en consecuencia, non sería de aplicación o estipulado na base 21.2ª BPUCC19, xa que as actuacións foron finalizadas na súa totalidade, e as mesmas foron entregadas ao uso público”.

Eses argumentos contradicen os principios de seguridade xurídica e igualdade, así como as regras xerais impostas nas BPUCC19 para todos os investimentos, de tal forma que:

Con respecto á aplicación da base 21ª BPUCC19:

O concello de Antas de Ulla adheriuse ao PUC19, aceptando as condicións impostas nas súas Bases, co obxecto de conseguir como beneficio que a Deputación lle abone a correspondente axuda económica integrada no PUC19, e concretamente obrigouse a cumprir o establecido na base 21ª.2 BPUCC19 que indica que: “No caso de que as actuacións non puideran ser finalizadas na súa totalidade, a aportación desta Deputación poderá ser proporcional, sempre e cando dita actuación poida ser entregada ao uso público”. Obrigouse tamén a cumprir o establecido na base 21ª.1 BPUCC19, que se pronuncia no mesmo sentido: “En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Deputación de Lugo minorarase proporcionalmente no caso de que o Concello non xustifique a execución da totalidade do importe asinado pola Deputación de Lugo, sempre que se considere que se cumpriu a finalidade para a cal se concedeu a financiación”

O concello de Antas de Ulla non cita, en concreto, que a Deputación infrinxira norma ningunha aplicando a base 21ª BPUCC19, e trata de estender indiscriminadamente as posibilidades de emenda de defectos (axuntando documentación complementaria da execución do resto das fases nas que foi dividida a obra) a calquera cumprimento extemporáneo dos prazos, o que non é posible. Unha cosa é que, presentada a xustificación da execución da obra completa, de modo temporáneo, se observe nela algunha omisión ou defecto emendable que poda ser corrixido, e outra distinta é que se presente fora de prazo a xustificación da execución de fases de obra realizadas de modo extemporáneo, vencido xa o prazo legal, en cuxo caso non cabe consideralo como “emenda de defecto”.

Con respecto á remisión de documentación fóra do prazo establecido:



O concello de Antas de Ulla, con data 18/11/2021 continúa achegando documentación para incorporar á conta xustificativa previamente aprobada, casi 3 meses antes, pola Deputación mediante Decreto de data 20/08/2021, aludido no punto 4 deste informe, pero os documentos que o Concello pretende incorporar, coa finalidade de xustificar a execución da Fase II do investimento, non poden ser admitidos tendo en conta que o procedemento para a aprobación da dita conta, así como os prazos de execución e xustificación establecidos para a obra completa, xa estaban finalizados.

Ha de terse en conta a Sentenza da Sala do Civil do Tribunal Supremo de 06/02/1992 que dí que a doutrina de enriquecemento inxusto <<... Fundamentalmente viene a operar en aquelas relaciones en las que se da carencia de causa o justificación, produciendo el enriquecimiento de una parte que necesariamente no ha de proceder de medios reprobados o de mala fe, bastando que se ocasionen unas ganancias, ventajas patrimoniales o beneficios sin un derecho que los apoye o advere, con derivado empobrecimiento o minoración patrimonial o de utilidades en la otra parte afectada ...>>. Existen precedentes administrativos de axudas outorgadas a outros concellos que sufriron unha minoración proporcional na aportación da Deputación ao non ter finalizado na súa totalidade o investimento dentro do prazo establecido, polo que aceptar a xustificación extemporánea do concello de Antas de Ulla para a Fase II do investimento Nº12, daría lugar a unha situación de enriquecemento inxusto que favorecería claramente a este Concello en detrimento do resto dos concellos da provincia.

Con respecto á execución do resto das fases do investimento fóra do prazo establecido:

Para mais abundancia, no Anexo X “relación clasificada de gastos”, achegado polo concello de Antas de Ulla extemporaneamente, con data 24/03/2022, aparecen reflectidas datas de pago de facturas e demais documentos xustificativos do 25/03/2021 e do 21/09/2021, que exceden o prazo límite do 15/11/2020 estipulado na base 21ª.1 BPUCC19: “Serán financiáveis aqueles custes que sexan efectivamente abonados dentro do prazo de xustificación (15/11/2020)”. Polo que, a través do PUCC19 non está previsto crédito para o aboamento das cantidades consignadas para a xustificación da Fase II do investimento Nº12, por corresponder ao exercicio económico 2021. Base 1.2 “O gasto financiarase con cargo á anualidade 2021, figurando crédito dispoñible suficiente nos orzamentos para o ano 2021, inicialmente aprobados polo Pleno o 30 de novembro

de 2020 polo importe de 11.028.382,85 €. Para o importe restante, que ascende a 10.471.617,15 €, a Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de modificar o orzamento xeral de 2021”.

A base 2ª indica que: “No caso de que a Deputación tivese aboado o anticipo e o Concello non executase ou xustificase a totalidade da cantidade ingresada por este concepto, o Concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423, practicada a liquidación de xuros de mora correspondentes. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, e a esixencia dos xuros de mora correspondente dende o momento daquel pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro”.

Tendo en conta que mediante Acordo da Xunta de Goberno de data 25/02/2022 a Deputación iniciou procedemento de reintegro, outorgando ao concello de Antas de Ulla trámite de audiencia, pódese concluir que da análise do expediente verificase que o Concello non fixo efectiva a devolución do importe anticipado, polo que procede resolver o procedemento de reintegro.

Con data 25/04/2022, o Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, solicita á Tesourería Provincial o cálculo dos xuros de mora, o dito informe foi emitido con data 25/04/2022 e co seguinte detalle:

DENDE	ATA	DÍAS	CAP. ACUM.	% XUROS	TOTAL
07/08/2019	31/12/2019	147	11.315,52	3,75	170,90
01/01/2020	31/12/2020	366	11.315,52	3,75	424,33
01/01/2021	31/12/2021	365	11.315,52	3,75	424,33
01/01/2022	29/04/2022	119	11.315,52	3,75	138,34
TOTAL XUROS					1.157,90

Será competente para acordar o reintegro das cantidades percibidas polo beneficiario, así como a esixencia do xuro de mora devengado desde o momento do pago da axuda integrada no PUCC19, o órgano concedente da mesma, que aplicando o previsto na base 13ª BPUCC19 corresponde á Xunta de Goberno, para aprobar a inclusión dos investimentos financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación e por ende ao resto de investimentos incluídos no PUCC19.



Conclusión:

En cumprimento co establecido nas BPUCC19, infórmase favorablemente:

Que se desestimen as alegacións do concello de Antas de Ulla, de acordo co sinalado neste informe.

Que se aprobe a liquidación dos xuros legais de mora, polo importe de 1.157,90 €, devengados dende a data de pagamento do anticipo da axuda integrada no PUCC19, ata a data de resolución do procedemento de reintegro, calculados pola Tesouraría da Deputación aplicando o tipo de interés legal vixente.

Que se declare a resolución do procedemento de reintegro para o investimento N°12 do PUCC19, do concello de Antas de Ulla, por importe de 12.473,42 €, dos que 11.315,52 € corresponden ao principal e 1.157,90 € son xuros de mora, con indicación de que en caso de falta de ingreso en período voluntario, se iniciará o procedemento administrativo de apremio.

O concello de Antas de Ulla debe efectuar o pago, tendo en conta o seguinte: Si a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, si éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, si éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte. De non efectuar o pagamento ao vencemento do prazo outorgado procederase ao seu cobro por vía de apremio.

Que se notifique ao concello de Antas de Ulla o Acordo adoptado.

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións do concello de Antas de Ulla, de acordo co sinalado neste informe.

2º.- Aprobar a liquidación dos xuros legais de mora, polo importe de 1.157,90 €, devengados dende a data de pagamento do anticipo da axuda integrada no PUCC19, ata a data de resolución do procedemento de reintegro, calculados pola Tesouraría da Deputación aplicando o tipo de interés legal vixente.

3º.- Declarar a resolución do procedemento de reintegro para o investimento Nº12 do PUCC19, do concello de Antas de Ulla, por importe de 12.473,42 €, dos que 11.315,52 € corresponden ao principal e 1.157,90 € son xuros de mora, con indicación de que en caso de falta de ingreso en período voluntario, se iniciará o procedemento administrativo de apremio.

4º.- O concello de Antas de Ulla debe efectuar o pago, tendo en conta o seguinte: Si a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, si éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, si éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte. De non efectuar o pagamento ao vencemento do prazo outorgado procederase ao seu cobro por vía de apremio.

5º.- Notificar ao concello de Antas de Ulla o Acordo adoptado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN Á RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE PÉRDIDA DO DEREITO Á AXUDA CONTEMPLADA NOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020. CONCELLO DE VILALBA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento que se refire ao investimento do concello de Vilalba indicado a continuación e que dispón o seguinte:

Nº	Denominación
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN

“Visto o expediente de perda do dereito ao cobro da axuda integrada no PUCC20 do concello de Vilalba, relativa ao investimento detallado a continuación, procede informar,

Nº	Denominación
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN

Na sesión extraordinaria do 02/04/2020 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC20, que foron publicadas no BOP Nº 077 de data 03/04/2020. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28/07/2020, acordou prestar aprobación ao PUCC20.

A Xunta de Goberno da Deputación en sesión celebrada con data 09/07/2021 acorda aprobar a solicitude do concello de Vilalba para a aplicación de remanentes, resultando a inclusión no PUCC20 da seguinte:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN	43.804,83€

A Xunta de Goberno da Deputación en sesión celebrada con data 25/02/2022 presta aprobación ao Acordo que se transcribe a continuación:

“1º. Declarar decaído ao concello de Vilalba, no seu dereito ao trámite consistente na rendición da documentación xustificativa da axuda integrada no PUCC20, para o investimento indicado a continuación, aplicando o previsto no artigo 73.3 LPAC.

Nº	Denominación
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN

2º. Iniciar o expediente de perda do dereito ao cobro do financiamento provincial, previsto no PUCC20 para o investimento descrito no parágrafo anterior, que ascende a 43.804,83 €, en aplicación do estipulado na DA cuarta das BPUCC20.

3º. Acordar a apertura do trámite de audiencia e notificar ao concello de Vilalba que dispón dun prazo de quince días a contar dende o día seguinte a este Acordo, para alegar e presentar os documentos que estime pertinente.”

A DA cuarta BPUCC20 establece que: “Transcorrido os prazos de xustificación da achega referente a cada un dos programas, sen presentarse na forma establecida anteriormente, o persoal de cada área xestora tramitará requirimento, por unha soa vez, aos concellos beneficiarios para que no prazo adicional e improrrogable de 15 días hábiles presenten a xustificación conforme a estas bases. O incumprimento do prazo aplicable, vencido o adicional sinalado anteriormente, para a xustificación de cada programa, dará lugar á perda do dereito a percibir a financiación concedida, e por ende, o reintegro da contía anticipada, de ser o caso, así como a esixencia de xuro de mora correspondente dende o momento da achega ata no que se acorde a procedencia do reintegro ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro, si fora anterior a ésta”.

Superado o prazo de 15 días de trámite de audiencia, “non existe actuación por parte do interesado” e ademais non consta que o concello de Vilalba rendera a conta xustificativa para acreditar a execución do dito investimento, polo que procede aplicar a DA cuarta das BPUCC20 e resolver o expediente de perda de dereito ao cobro da axuda provincial.

Será competente para acordar a resolución da perda do dereito ao cobro da axuda integrada no PUCC20 (Nº R: “Acondicionamento praza en rúa da Emigración”), o órgano concedente da mesma, que aplicando o previsto na base 11 BPUCC20 corresponde á Xunta de Goberno, para a aprobación da inclusión dos investimentos financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación e por ende ao resto de investimentos incluídos no PUCC20.

Conclusión:

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente:



1º. Que se resuelva o expediente de pérdida do dereito ao cobro do financiamento provincial, previsto no PUCC20 para o investimento indicado a continuación.

Nº	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN	43.804,83 €

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Resolver o expediente de pérdida do dereito ao cobro do financiamento provincial, previsto no PUCC20 para o investimento indicado a continuación.

Nº	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN	43.804,83 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar (a través dun anticipo) na execución do proxecto subvencionado polo IDAE: “Instalación do alumado público de Pol”.*

A proposta da Presidencia a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda deixar sobre a mesa dito asunto.

Segundo.- *Modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros. Anualidades 2021 e 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros. anualidades 2021 e 2022.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2022/PES_03/006962) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de outubro de 2021, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello, anualidades 2021 e 2022, por importe de 26.315,78 €.

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200.

12.500,00 € con cargo ao vixente orzamento xeral do 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento do ano 2022 a cantidade de 12.500,00€”.



Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022 formalizouse o 21 de outubro de 2021.

Terceiro: A alcaldesa do Concello de Barreiros remitiu, o 7 de abril de 2022 (2022RT004894), escrito no que literalmente se solicita a modificación do obxecto do convenio.

Segundo se desprende da documentación que obra no expediente, preténdese a modificación das seguintes cláusulas:

- a. A cláusula primeira, Obxecto.
- b. A cláusula cuarta, réxime económico.

As cales quedarían redactadas do seguinte xeito, tomando como referencia o escrito da representante do Concello de Barreiros:

Cláusula primeira.- Obxecto.

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ANUALIDADE 2021			
Cantidade	Equipamento	Prezo Unidade	Importe
1	Router TP Link	89,00 €	89,00 €
2	AP TP-Link	99,90 €	199,80 €
1	Impresora HP Laserjet	199,90 €	199,90 €
2	Memorias Ram	44,90 €	89,80 €
1	Windows 10 Pro	169,00 €	169,00 €
1	Portátil HP	649,00 €	649,00 €
1	NAS Synology	628,81 €	628,81 €
1	SAI Salicru	99,00 €	99,00 €
1	Escáner documental Fujitsu	319,00 €	319,00 €
12	PC HP 290 G4 16 Gb Ram	732,05 €	8.784,60 €
13	Monitor Viewsonic 24"	147, 05 €	1.911,65 €
TOTAL INVERSIÓN			13.139,56 €

ANUALIDADE 2022			
Cantidade	Equipamento	Prezo Unidade	Importe
2	Memorias Ram	44,90 €	89,80 €
1	Windows 11 Pro	169,00 €	169,00 €
4	PC HP 290 G4 16Gb Ram	732,05 €	2.928,20 €
4	Monitor Viewsonic 24"	147,05 €	588,20 €
1	Servidor HPE ML350 Gen 10	3.600,00 €	3.600,00 €
23	Antivirus	47,45 €	1.091,35 €
23	Office 2021	144,00 €	63.312,00 €
12	Altavoces PC	10,00 €	120,00 €
8	Webcam	20,00 €	160,00 €
1	Impresora de tarjetas	1.096,00 €	1.096,00 €
TOTAL INVERSIÓN			13.154,55 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ANO 2021 12.500,00 €	ANO 2021 639,56 €
ANO 2022 12.500,00 €	ANO 2021 654,55 €
TOTAL. 25.000,00 €	TOTAL: 1.294,11 €
26.294,11€	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 25.000,00 € (12.500,00 € no ano 2021 e 12.500,00 € no ano 2022) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira-

12.500,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2021 e 12.500,00 € con cargo ao orzamento da anualidade



2022, supeditado a disponibilidad orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Barreiros aportará efectuará unha achega de 1.294,11 € (639,56 € no ano 2021 e 654,55 € no ano 2022) e o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin perseguido e a súa axeitada execución.

Titularidade do resultado da cooperación:

O Concello de Barreiros será titular do resultado da cooperación, coa obriga de dedicar a mesma ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Xustificación da achega económica.

O Concello de Barreiros, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2022 -para a xustificación da anualidade 2021- e como data límite do 31 de marzo de 2023 -para a xustificación da anualidade 2022- á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do concello de Barreiros, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Barreiros non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Barreiros, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente”.



Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2021 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa da anualidade 2022 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2024 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo a conta xustificativa da anualidade 2021 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2023 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022”.

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda.-. En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, infórmase favorablemente a modificación solicitada pola representante do Concello de Barreiros nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusulas primeira e cuarta do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022 formalizado o 21 de outubro de 2021, nos termos da modificación do convenio que se incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Addendas dos convenios de colaboración subscritos entre a Fundación Escola de Organización Industrial (EOI) e a Excm. Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento conxunto de proxectos formativos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:



“Segundo figura no expediente electrónico 2020/PES_03/016655 a Xunta de Goberno de 13.11.2020 adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar os textos dos tres convenios de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación EOI para para o desenvolvemento conxunto dos programas formativos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo:

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de proxectos formativos dirixidos á transformación dixital e mellora da competitividade das Pemes.

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de programas formativos dirixidos a parados de longa duración.

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento do proxecto Millenials, para o fomento do traballo por conta allea de xoves.

Segundo.- Aceptar a proposta realizada pola EOI e, polo tanto, a adicación do importe devolto á EIO pola Comisión Europea á financiación dos devanditos convenios segundo cadro xunto:

Tipoloxía	Importe	DPL	Cofinanciamento	Número de edicións	Empresas /alumnos
Dixitalización PYMES/ Autónomos	1.700.000,00 €	20%	340.000,00 €	31	776
Formación a desempregados larga duración	371.820,00 €	20%	74.364,00 €	11	264
Formación a desempregados xoves (prácticas)	2.040.387,05 €	8,11%	165.475,39 €	32	640
TOTAL	4.112.207,05 €		579.839,39 €	74	1680

Terceiro.- Aprobar o gasto en concepto de achegas económicas da Deputación de Lugo segundo o seguinte desglose:

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de proxectos formativos dirixidos á transformación dixital e mellora da competitividade das Pemes. A Deputación de Lugo realizará unha achega económica total para o programa formativo por importe de trescentos corenta mil euros (340.000,00€), que se realizará con cargo aos fondos que proveñen do peche do Programa Operativo FEDER 2007/2013 de

Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas, que con motivo do peche do mesmo foi reintegrado pola Comisión Europea, en particular do proxecto F.71.003 - FEDER -1/11-Galicia/Dinamización do Tecido produtivo e o F” que ten un saldo positivo para a Deputación de Lugo de 579.839,39 euros (o saldo pendente).

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de programas formativos dirixidos a parados de longa duración. A Deputación de Lugo realizará unha achega económica total para o programa formativo por importe de setenta e catro mil trescentos sesenta e catro euros (74.364,00 €), que se realizará con cargo aos fondos que proveñen do peche do Programa Operativo FEDER 2007/2013 de Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas, que con motivo do peche do mesmo foi reintegrado pola Comisión Europea, en particular do proxecto F.71.003 - FEDER -1/11-Galicia/Dinamización do Tecido produtivo e o F” que ten un saldo positivo para a Deputación de Lugo de 579.839,39 euros (o saldo pendente).

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento do proxecto Millenials, para o fomento do traballo por conta allea de xoves. A Deputación de Lugo realizará unha achega económica total para o programa formativo por importe de cento sesenta e cinco mil catrocentos setenta e cinco euros con trinta e nove céntimos (165.475,39€), que se realizará con cargo aos fondos que proveñen do peche do Programa Operativo FEDER 2007/2013 de Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas, que con motivo do peche do mesmo foi reintegrado pola Comisión Europea, en particular do proxecto “F.71.003 - FEDER -1/11-Galicia/Dinamización do Tecido produtivo e o F” que ten un saldo positivo para a Deputación de Lugo de 579.839,39 euros (o saldo pendente).

O 15.12.2020 formalízanse os tres convenios coa sinatura de ámbalas dúas partes.

O 26.04.2022 a Fundación EOI presenta escrito onde manifesta, en relación aos tres convenios de referencia, e a teor literal:

(...) Manifiesta



Que, una vez puestas en marcha las acciones de citados convenios y teniendo en cuenta la previsión de remanentes en la ejecución de los programas, con el fin de proceder a desarrollar más actuaciones amparadas por los mismos, así como, en la posibilidad de continuar prestando servicio en el marco de estos convenios, manifiesta interés en que se inicien los trámites oportunos para la extensión de dichos convenios de colaboración entre la Fundación EOI y la Deputación de Lugo. Al mismo tiempo, por parte de EOI se ha solicitado la extensión correspondiente al Organismo Intermedio gestor de los Fondos Europeos.

Solicita

Que, con el fin de ejecutar adecuadamente los presupuestos de dichos convenios, dejar establecido que el plazo de vigencia de este Convenio será desde la fecha de su firma hasta la aprobación de la cuenta justificativa que, salvo prórroga expresa antes de su finalización, será como máximo el 31 de diciembre de 2023. El plazo de presentación de la cuenta justificativa finaliza el 31 de octubre de 2023.

No obstante, lo anterior, el plazo máximo de ejecución de las actuaciones finaliza el 31 de julio de 2023.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, este Área propón á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

Aprobar os borradores de addenda dos tres convenios de colaboración subscritos, en data 15 de decembro de 2020, entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación EOI para o desenvolvemento conxunto dos programas formativos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e que se relacionan a continuación:

A addenda ao Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de proxectos formativos dirixidos á transformación dixital e mellora da competitividade das Pemes, que afecta á cláusula 12 (concretamente ao prazo de vixencia e de execución), manténdose inalteradas o resto de cláusulas do convenio do que trae causa.

A addenda ao Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de programas formativos dirixidos a parados de longa duración, que afecta

á cláusula 12 (concretamente ao prazo de vixencia e de execución), manténdose inalteradas o resto de cláusulas do convenio do que trae causa.

A addenda ao Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento do proxecto Millenials, para o fomento do traballo por conta allea de xoves, que afecta á cláusula 13 (concretamente ao prazo de vixencia e de execución), manténdose inalteradas o resto de cláusulas do convenio do que trae causa.

Ditas addendas producirán efectos dende a súas respectivas formalizacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA RELATIVA AO OUTORGAMENTO DUNHA CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO EMBARCADOIRO OS PEARES.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con data 26 de febreiro de 2021 e rexistro de entrada nº2021RPE002792, a Asociación Cultural Clube Náutico Os Peares, presenta solicitude de uso do embarcadoiro provincial e dos seus accesos sito no Concello de Carballedo, de cuxo contido sinálase o seguinte:

A solicitante é a denominada Asociación Cultural Clube Náutico Os Peares, constituída sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. Encóntrase inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia baixo o número 2011/016019.

Recollen os seus estatutos que a finalidade prioritaria da asociación vai dirixida a promover o desenvolvemento turístico da zona do encoro de Os Peares, a posta en valor do seu valor paisaxístico e a difundir e ensinar actividades que permitan gozar do entorno fluvial da Ribeira Sacra do Alto Miño mediante o fomento do deporte e o ocio náutico.



E a esta finalidade dirixe a organización e realización de diversas actividades para ensinar, informar e formar nas distintas modalidades e formas a navegación a vela, motor, remo, submarinismo ou *sky* acuático, prácticas de navegación ou competicións deportivas acuáticas, entre outras.

Na solicitude sinala a idoneidade do embarcadoiro provincial de Os Peares, que ademais de contribuír á promoción da contorna de Os Peares, resulta necesario para promover a realización de escolas náuticas, traíños de natación, cursos de pesca ou de preparación de competicións deportivas que, aínda que se celebrarían principalmente na época estival, é imprescindible para a preparación, desenvolvemento das actividades acuáticas, adestramentos e celebración das competicións promovidas pola asociación que requiren do seu uso a tempo completo durante todo o ano.

Consta certificación de inscrición no Libro Inventario dos Bens e Dereitos provinciais do embarcadoiro interesado e da súa pasarela de acceso asinada o 17.03.2022 baixo o número cincuenta e seis, folio douscentos oitenta e oito co seguinte teor:

Nome: embarcadoiro de Os Peares.

Situación: Atópase na marxe dereita do río Miño, Lg. Pena no Concello de Carballedo.

Descrición: Segundo consta en certificación de obra nº 1, asinada polo xefe do Servizo de Urbanismo e Arquitectura, D. Ramón Arias Roca e a arquitecto Dna. Mónica Marras Mosquera en data 12 de novembro de 2008, instaláronse, entre outros, os seguintes elementos:

Unid.	Descrición	Prezo unit.	Importe
1	Ud. Plataforma de embarque de 12,00 m. de longitud y 2,00 m. de ancho útil.	5.590,00 €	5.590,00 €
1	Ud. Pasarela de acceso a plataforma de embarque de 10 m. de longitud y 1 m. de ancho útil.	6.700,00 €	6.700,00 €
1	Ud. Estructura portante de plataforma de embarque en perfil de acero galvanizado.	4.700,00 €	4.700,00 €
2	Ud. Pasarela de acceso a pantalán flotante de 18 m. de longitud y 1 m. de ancho útil, con parapeto de 1 m. De altura en ambos lados.	12.060,00 €	24.120,00 €
2	Ud. Pantalán flotante de embarque de 12m. de longitud y 2,50 m. de ancho útil.	4.800,00 €	9.600,00 €
2	Ud. Pantalán flotante de embarque de 6 m. de longitud y 2,50 m. de ancho útil.	2.500,00 €	5.000,00 €
15	Ud. Flotador de poliéster reforzado con fibra de vidrio relleno de poliestireno expandido. Medidas 2,45 x 1,20 x 0,80 m. doble flotabilidad.	420,00 €	6.300,00 €
5	Ud. Cornamusa de amarre en aluminio marinizado de 1,5 kg de peso con ruptura de tracción de 200 kg.	35,00 €	175,00 €
2	Sistema de unión entre pantalanés a base de perfil de aluminio angulado.	215,00 €	430,00 €
16	Taco elastómetro de alta resistencia armado mediante cable de acero incrustado en la goma.	33,00 €	528,00 €
22	Ml. defensa, protección y cierre lateral de pantalanés a base de perfiles de aleación de aluminio en posición vertical.	190,00 €	4.180,00 €
Suma Importes			67.323,00 €
Gastos generales (13%)			8.751,99 €
Beneficio Industrial (6%)			4.039,38 €
Base imponible			80.114,37 €
I.V.A. (16%)			12.818,30 €
Coste Total INICIAL			92.932,67 €
Valor ACTUAL ESTIMADO			65.052,87 €

Coordenadas: A ubicación das obras obxecto da mesma sinálanse na propia Resolución nas seguintes coordenadas UTM: X = 604922, Y = 4702409, PK. 146,9

Natureza xurídica: Ben de dominio público, adicado o uso público.

Baixo o CSVS IV7CG2QIJZON6XGS4RGMJ3RFCI do día 06.04.2022 a Secretaría Xeral. Sección de Patrimonio, estima que o presente procedemento para o outorgamento dunha concesión demanial do uso gratuíto e adxudicación directa e do seu clausurado, incorporado como Anexo, adecúase á lexislación vixente e en particular atende, entre outra ás seguintes consideracións:

Na determinación do título habilitante adecuado á solicitude da Asociación Cultural Clube Náutico Os Peares ademais da natureza xurídica do embarcadoiro provincial, cualificado de dominio público, é relevante o tipo de uso ao que se destinarán. O tipo de uso interesado se identifica co uso privativo porque a ocupación do dominio público que se pretende limita ou exclúe a utilización doutros interesados, dado que a solicitude expresa a necesidade do embarcadoiro para a preparación, desenvolvemento das actividades acuáticas, adestramentos e celebración das competicións promovidas pola asociación e que requiren do seu uso a tempo completo durante todo o ano, este uso privativo queda amparado baixo a correspondente concesión administrativa. Art. 85.3 e art. 86.3 desta lei patrimonial LPAP.

O prazo da presente concesión demanial queda incluído dentro da limitación dos 75 anos contida na Lei 33/2003 LPAP que recolle o seu articulado básico contido no punto 3 do artigo 93 e que o texto do Acordo fixa nun período de 5 anos contados a partir da formalización por escrito desta concesión en documento administrativo. Conta cunha previsión de 5 anos mais de prórroga formulada de forma expresa por ambas partes.

As concesións de uso privativo poderá ser gratuítas e non estarán suxeitas a taxa cando a utilización privativa do ben de dominio público no leve aparellada unha utilidade económica para o concesionario. A este respecto tense en conta a condición da asociación como entidade sen ánimo de lucro, e procédese a estimar a gratuidade ao presente procedemento.



O presente procedemento foi iniciado a instancia da citada Asociación que ten a condición de entidade sen ánimo de lucro polo que queda incluída no suposto excepcional de outorgamento directo da concesión demanial de uso previsto no artigo 93.1 de contido básico da Lei 33/2003. O seu número 2 esixe que unha vez outorgada a concesión formalizárase en documento administrativo que será título suficiente para inscribir a concesión no Rexistro da Propiedade. Non obstante, poderá elevarse a escritura pública a petición do concesionario e a súa costa.

Esixencia da constitución dunha garantía definitiva, requisito do artigo 90 do Regulamento de Bens das Entidades Locais do seguinte teor:

“1. La garantía definitiva que habrá de constituir el adjudicatario de la concesión, dentro del plazo de los quince días siguientes a la notificación, consistirá en el 3 por 100 del valor del dominio publico ocupado y, en su caso, del presupuesto de las obras que hayan de ejecutar.

2. La garantía se devolverá al concesionario, si hubiere de realizar obras revertibles a la entidad local, cuando acreditare tenerlas efectuadas por valor equivalente a la tercera parte de las comprendidas en la concesión”.

Atendendo aos valores actuais estimados para o citado embarcadoiro contidos na antedita certificación da inscrición no Libro Inventario provincial a contía da garantía definitiva sería de 1.951,59 € (sobre o valor actual estimado: 65.052,87 €).

Así mesmo establece como contido das disposicións reguladoras da presente concesión demanial as incorporadas no anexo do dito informe.

O informe emitido pola Intervención Provincial con data do 21.04.2022 e CSV IV7DUHBLPFMNXZ7AIXB77YOOA non presenta impedimento a tramitación do presente procedemento.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno por delegación do seu Presidente segundo o teor do artigo 59.b) 11 do Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial:

1º.- Aprobar o outorgamento dunha concesión demanial gratuíta do uso privativo do embarcadoro provincial de Os Peares e da súa pasarela de acceso a favor da Asociación Cultural Clube Náutico Os Peares destinado, ademais de contribuír á promoción da contorna de Os Peares, á realización e consecución de actividades dirixidas á obtención dos fins constitutivos e estatutarios que conforman a identidade da asociación concesionaria: promover a realización de escolas náuticas, traíños de natación, cursos de pesca ou de preparación de competicións deportivas a súa preparación, ao desenvolvemento das actividades acuáticas, adestramentos e celebración das competicións impulsadas pola asociación.

2º.- Aprobar o texto do Acordo no que se incorporan as anteditas disposicións reguladoras da presente concesión demanial de uso privativo.

3º.- Formalizar a presente concesión demanial mediante a sinatura do referido acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DUNHA ENTIDADE A PARTICIPAR NO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA”.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito presentado por D. Abel Pérez Corral con DNI ***7902**, en representación da entidade APA de Xermade con NIF G27035500 en data 21/04/2022 e con nº de rexistro de entrada 2022RT005389 no que renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia.

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), aprobadas en Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 17 de xaneiro de 2022.



Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 11 de febreiro de 2022 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 12 de febreiro de 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.-Aprobar a renuncia da APA de Xermade con NIF G27035500 para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) e a perda do dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da Convocatoria.

2º.- Recurrir á lista de entidades admitidas para asignar as prazas concedidas a esta asociación, no momento en que exista dispoñibilidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO A TRAGSA PARA A REALIZACIÓN DE “OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE APARCADOIROS, NOS TERMOS MUNICIPAIS DE RIBADEO E FOZ, AO OBXECTO DE MELLORAR OS SERVIZOS E RECURSOS PÚBLICOS NO RURAL”.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“En relación coa providencia da deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 5 de abril de 2022, pola que solicitou o inicio do procedemento de encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “obras de acondicionamento de aparcadoiros, nos termos municipais de Ribadeo e Foz, ao obxecto de mellorar os servizos e recursos públicos no rural”, nun

prazo máximo de 3 meses a contar dende a data de formalización do encargo, dende aquela Área emitiuse informe, o 20 de abril de 2022, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Primeiro.- Don Fernando Suárez Barcia, con DNI nº: ***9411**, e don Francisco Cajoto Caserio, con DNI nº: ***9758**, en nome e representación dos Concellos de Ribadeo e Foz, presentaron no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, os días 4 de marzo (RE nº: 2022RPE003693) e 25 de febreiro de 2022 (RE nº 2022RT002002), respectivamente, escritos mediante os cales solicitan a formalización de relacións interadministrativas de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, de “obras de acondicionamento de aparcadoiros”, para o fin común de mellora dos servizos e recursos públicos no rural, nos respectivos termos municipais.

Segundo.- Instruídos os correspondentes procedementos, a Presidencia resolveu aprobar, o 1 de abril de 2022:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta de “obras de acondicionamento de aparcadoiro”, para o fin común de mellora dos servizos e recursos públicos no rural, no termo municipal de Ribadeo; por importe total de 44.477,36 €, dos que 41.579,53 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo, e 2.897,83 € a cargo do Concello de Ribadeo.

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, para a realización conxunta de “obras de acondicionamento de aparcadoiros”, para o fin común de mellora dos servizos e recursos públicos no rural, no termo municipal de Foz; por importe total de 39.998 €, dos que 36.715,25 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo, e 3.282,75 € a cargo do Concello de Foz.

Ditos convenios asináronse polas partes os días 4 e 5 de abril de 2022, respectivamente, derivando deles o compromiso da Deputación de Lugo de executar as actuacións que constitúen os seus obxectos.

Terceiro.- A deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, ditou Providencia, o 5 de abril de 2022, solicitando o inicio do procedemento de encargo ao medio



propio Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “obras de acondicionamento de aparcadoiros, nos termos municipais de Ribadeo e Foz”, ao obxecto de mellorar os servizos e recursos públicos no rural, nun prazo máximo de 3 meses a contar dende a data de formalización do encargo.

A estes antecedentes sonlles de aplicación as seguintes

Consideracións legais e técnicas.

Normativa aplicable.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspan ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico la Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC).

Os encargos a medios propios personificados e servizos técnicos, en xeral.

Consonte ao artigo 31 da LCSP, relativo á potestade de auto organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal:

1. As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si de algunha das seguintes formas, sen que o resultado desta cooperación poida cualificarse de contractual:

a) Mediante sistemas de cooperación vertical consistentes no uso de medios propios personificados no sentido e cos límites establecidos no artigo 32 para os poderes adjudicadores (...), no exercicio da súa potestade de auto organización, mediante o oportuno acordo de encargo.

(...).

Os citados encargos dos poderes adjudicadores a medios propios personificados e servizos técnicos regúlanse no artigo 32 do mesmo texto legal. Segundo o apartado primeiro do dito artigo:

Os poderes adjudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministros, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose de outra persoa xurídica distinta a eles, xa sexa de dereito público ou de dereito privado, previo encargo a esta, con suxeición ao disposto neste artigo, sempre e cando a persoa xurídica que utilicen mereza a cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles de conformidade co disposto nos tres apartados seguintes, e sen prexuízo dos requisitos establecidos para os medios propios do ámbito estatal na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O encargo que cumpra ditos requisitos non terá a consideración de contrato.

Polo tanto, os poderes adjudicadores (condición que ostenta a Deputación Provincial de Lugo ex artigo 3.3.a) da LCSP) poden encargar de forma directa, a entidades que teñan atribuída a condición de medio propio personificado dos mesmos, a realización de determinadas prestacións, sen que ao acto ou negocio xurídico en virtude do cal se realiza tal encargo lle sexan de aplicación as normas que regulan a contratación do sector público, aínda cando as prestacións que son obxecto do mesmo sexan as propias dos contratos administrativos.

Sendo isto así, para que dita excepción sexa aplicable é necesario que os entes, organismos ou entidades de dereito público ou privado aos que se encargue a execución da actuación de que se trate teñan atribuída a condición de medio propio personificado do ente que fai o encargo.

A cualificación xurídica de medio propio personificado está regulada, con carácter xeral, nos apartados 2, 3 e 4 do amentado artigo 32 da LCSP e, ademais, no artigo 86 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (no que aos medios propios do ámbito estatal se refire).

Os encargos ao medio propio personificado e servizo técnico “Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P.” (TRAGSA) e á súa filial “Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P.” (TRAGSATEC)



Con todo, no caso que nos ocupa, o réxime xurídico de TRAGSA (que inclúe a regulación da cualificación de medio propio personificado da mesma con respecto ás Deputacións Provinciais) atópase na disposición adicional vixésimo cuarta da LCSP, desenvolvida a través do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) - en adiante, RD TRAGSA-.

O artigo 2 do dito Real Decreto sinala nos seus apartados 1 e 2 que:

1. De acordo co establecido na disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, TRAGSA e TRAGSATEC terán a consideración de medio propio personificado e servizo técnico (...) das deputacións provinciais (...), sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 32.2.d).2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo.

2. As listadas administracións públicas deberán participar no capital social de TRAGSA mediante a adquisición de accións cuxo alleamento será autorizado polo Ministerio de Facenda a iniciativa do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (...).

No que aos requisitos do apartado 1 recentemente transcrito se refire, consonte ao artigo 32.2.d). 2º da LCSP:

2. Terán a consideración de medio propio personificado respecto de unha única entidade concreta do sector público aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

(...).

2º Verificación pola entidade pública de que dependa o ente que vaia a ser medio propio, de que conta con medios persoais e materiais apropiados para a realización dos encargos de conformidade co seu obxecto social.

No expediente no que se integra este informe consta certificado emitido por D. Xosé Manuel Palmeiro Ramos, actuando en nome e representación de TRAGSA, no que se pon de manifesto que para a execución do encargo “Obras de adaptación de espazos lúdicos ao aire libre na provincia de Lugo, para a creación, mantemento e xestión dos equipamentos dirixidos á mocidade”, a empresa dispón de estrutura e medios suficientes para responsabilizarse da

organización e xestión dos traballos que desenvolva, así como da súa calidade técnica, de acordo ao artigo 49 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral do sector público autonómico de Galicia, e ao artigo 32 da LCSP.

Así mesmo, certifícase no dito documento que, de acordo co artigo 32.7.b) da LCSP, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50 % da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo dun 30 %.

Polo tanto, estimo cumprido o primeiro requisito dos establecidos no apartado 1 do antes citado artigo 2 do RD TRAGSA.

En canto aos seguintes requisitos alí dispostos, consonte ás letras a) e b) do apartado 4 do artigo 32 da LCSP:

Terán a consideración de medio propio personificado respecto de dous ou máis poderes adjudicadores que sexan independentes entre si aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:

a) Que os poderes adjudicadores que poidan conferirlle encargo exerzan sobre o ente destinatario do mesmo un control conxunto análogo ao que ostentarían sobre os seus propios servizos ou unidades.

(...).

b) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario do encargo se leven a cabo no exercicio dos cometidos que lle foran confiados polos poderes adjudicadores que o controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polo mesmos poderes adjudicadores. (...).

(...).

Ao efecto de considerar cumpridos estes requisitos, adquire relevancia o informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado do 9 de maio de 2019 (expediente 15/17), no que, partindo da normativa vixente e da relevante xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, se abordan con carácter xeral un bo número das cuestións que formulan o seu cumprimento.



Entre as cuestións alí tratadas está a referente ao cumprimento do requisito do control análogo conxunto, aspecto sobre o cal sinalase que resulta imprescindible que cada Administración Pública participe no capital social do medio propio conxunto derivado da necesidade de asegurar a efectividade deste control (apartado 3 do citado informe), con referencia á Sentenza do TJUE Econord, apartado 33, e aos previos informes 2/12, apartado 7, e 24/12, apartado 6) da mesma Xunta Consultiva.

Aplicando o argumento á cuestión obxecto deste informe significa que para que cada unha das Administracións Públicas mencionadas na Disposición Adicional 24ª da LCSP, entre elas as deputacións provinciais, poida utilizar a TRAGSA como medio propio personificado, realizando os correspondentes encargos, ten que participar no seu capital social.

Así, segundo se reconece no dito informe:

(...) Sendo requisito imprescindible que cada Administración Pública participe no capital social do medio propio conxunto (Sentenza Econord, apartado 33, e Informes 2/12, apartado 7, e 24/12, apartado 6, desta Xunta Consultiva, non cabe considerar en abstracto a esixencia de un porcentaxe de capital mínimo para cada un dos entes que controlan o medio propio. Nin a Directiva nin a LCSP conteñen previsión algunha ao respecto (...).

Isto implica que é posible que unha entidade que ten unha participación moi pequena poida, non obstante, conferir encargos obrigatorios no seo deste control conxunto (...).

En definitiva, respecto á consideración de TRAGSA como medio propio da Deputación de Lugo, como consecuencia da adquisición por esta dunha acción de aquela, cabe concluír que a consideración de medio propio de unha entidade depende en boa medida da finalidade coa que se integra no capital de unha entidade que é medio propio, así como das circunstancias de exercicio dos dereitos que confiren as participacións no capital do medio propio, e non tanto da porcentaxe de participación.

Por outra banda, a análise do cumprimento do requisito do exercicio da parte esencial da actividade de TRAGSA para os poderes adjudicadores que a controlan, cuantificado nun 80 %, deberá realizarse computando os encargos que lle foran confiados polos poderes adjudicadores que

o controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polos mesmos poderes adxudicadores, no por cada un deles de forma illada ou independente.

Para o cumprimento íntegro destes requisitos, a Presidencia da Deputación de Lugo resolveu, o 13 de decembro de 2019, aprobar a “adquisición pola Deputación de Lugo dunha acción do capital social da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P., (TRAGSA), de forma que esta pasaría a ter a consideración de medio propio personificado da Deputación”, e dispúxose que o referido contrato se adxudicase mediante procedemento de adxudicación directa á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, tendo en conta as peculiaridades da necesidade a satisfacer e a especial idoneidade do ben; escriturándose a compra da amentada acción o 17 de decembro de 2019, ante a Notaría de Madrid, dona María de las Mercedes Pérez Herreza.

Obxecto do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA.

Con todo, tendo a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo, cómpre ter en conta, tamén, o obxecto do encargo, na tarefa de comprobación de que este se axusta ás prescricións legais.

A estes efectos hai que traer a colación o disposto no artigo 3.1 do RD TRAGSA, segundo o cal:

As entidades sinaladas no artigo 2.1 poderán conferir encargos a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC sobre os traballos e actividades que, atopándose dentro do marco funcional dos apartados 1, 4 e 5 da disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e do obxecto social das mesmas, precisen para o exercicio das súas competencias e funcións, así como os que resulten complementarios ou accesorios, de acordo co réxime establecido neste real decreto.

Neste senso, e no que ao marco funcional de TRAGSA se refire, o encargo obxecto deste informe refírese á execución de obras de acondicionamento de aparcadoiros nos termos municipais de Ribadeo e Foz, ao obxecto de mellorar os servizos e recursos públicos no rural.



Os municipios da provincia de Lugo son, en xeral, municipios cun carácter eminentemente rural, pois neles, incluso os núcleos que poden considerarse máis urbanos teñen unha clara composición e estrutura rural.

A Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural (en adiante, LDSMR), define o medio rural como “o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes por km².”

As comarcas da Mariña teñen cabida, polas súas características demográficas, neste concepto de medio rural, e os municipios que as integran comparten unha estrutura semellante: Posúen núcleos urbanos, onde se experimenta o maior desenvolvemento económico, e inclúen aldeas que se estenden polas parroquias circundantes, que se rodean dun ámbito máis puramente rural, cunha economía baseada na agricultura, na gandería e na pesca.

Isto acontece, entre outros, nos municipios de Ribadeo e Foz, podéndose dicir que o desenvolvemento económico dos seus núcleos urbanos deriva, en boa medida, da actividade agrícola, gandeira e pesqueira, pois aqueles son os destinatarios da maioría dos produtos obtidos no sector primario e a orixe das compras dos habitantes dos ámbitos máis estritamente rurais.

Por outra banda, os núcleos urbanos, como centros neuráxicos da actividade económica e administrativa de cada municipio, constitúen o lugar onde se realizan grande parte dos trámites administrativos que o desenvolvemento da economía do sector primario require.

Todo elo deriva nunha multiplicidade de desprazamentos entre o ámbito rural e o urbano, que, en moitas ocasións, constitúen o obxecto do transporte de grande cantidade de mercancías, que se pode ver enormemente entorpecido se aquel último non se dota dunhas infraestruturas axeitadas de transporte, e tamén de estacionamento.

E elo porque toda esa afluencia de persoas que diariamente acoden do ámbito rural ao urbano necesita dunha axilización que permita que os habitantes de aquel sintan que estes trámites administrativos e de compra-venta de produtos son unha parte máis da súa actividade no sector

primario, e non un impedimento do seu benestar ou un atranco no seu desenvolvemento, tanto social como económico.

Neste senso se expresa a citada LDSMR, ao establecer, no seu artigo 2, que:

1. Son obxectivos xerais da presente Lei:

(...).

b) Manter e mellorar o nivel de poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos axeitados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, (...).

(...).

2. En particular, as políticas de desenvolvemento rural sostible das Administracións Públicas que se deriven desta Lei deberán orientarse á consecución dos obxectivos seguintes:

(...).

b) Dotar ao medio rural, e en particular aos seus núcleos de poboación, das infraestruturas e os equipamentos públicos básicos necesarios, en especial en materia de transportes, enerxía, auga e telecomunicacións.

(...).

f) (...), e favorecer unha ordenación territorial e un urbanismo adaptados ás súas condicións específicas, (...).

A este respecto, cómpre ter en conta tamén que a dita lei ten por obxecto, segundo se establece no seu artigo 1, entre outros, a determinación dos obxectivos para as políticas de desenvolvemento rural sostible das Administracións Públicas en xeral.

E é que toda política rural debe buscar o logro dunha maior integración territorial das zonas rurais, facilitando unha relación de complementariedade entre o medio rural e o urbano, e fomentando no medio rural un desenvolvemento sostible.

Por elo os Concellos de Ribadeo e Foz solicitaron a cooperación da Deputación Provincial de Lugo para distintas actuacións de acondicionamento de aparcadoiros nos seus respectivos termos municipais, o que deriva no seu deber de apoiar este tipo de actuacións, como entidade local



cuxos fins son, entre outros, asegurar a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

Pois ben, consonte ao apartado 4 da disposición adicional vixésima cuarta da LCSP:

TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC prestarán, por encargo das entidades do sector público dos que son medios propios personificados, as seguintes funcións:

a) (...). Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, sempre e cando non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos.

Nos mesmos termos se pronuncia o artigo 2 dos Estatutos de TRAGSA, segundo o cal:

(...).

Constitúe o obxecto social as actividades seguintes:

a) (...) Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, sempre e cando non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos, (...).

Parece claro, pois, que a execución de obras de acondicionamento de aparcadoiros nos termos municipais de Ribadeo e Foz está directamente relacionada coa mellora dos servizos e recursos públicos e que, ademais, as ditas actuacións non implican o exercicio de autoridade; tendo encaixe no marco funcional do medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA.

No que se refire ao exercicio das competencias propias da entidade que realiza o encargo (neste caso, a Deputación Provincial de Lugo), consonte ao disposto no artigo 36.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...).

b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ao Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. (...).

(...).

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

(...).

Tendo en conta as consideracións feitas nos apartados III e IV deste informe, non podemos máis que concluír que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P., (TRAGSA) ten a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo, e que o obxecto do encargo pretendido se adapta ao establecido na normativa de aplicación.

E é que, en palabras do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, na súa Resolución nº 1106/2019, do 7 de outubro de 2019:

(...).

Da lectura do antes citado artigo 86 da LRXSP (...) resulta que este habilita dúas vías ás entidades do Sector Público a efectos de obter a declaración de medio propio e servizo técnico, tal e como establece o apartado 3 do mesmo precepto.

A primeira delas, prevista no artigo, prevista no apartado 1, require cumprir “as condicións e requisitos establecidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público”, cuxo incumprimento non foi alegado pola recorrente.

A segunda vía, alternativa á anterior, atópase prevista no apartado 2 e esixe que para que unha entidade do Sector Público sexa considerada medio propio acredite “dispoñer de medios suficientes e idóneos” así como ou ben constituír “unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulta sustentable e eficaz, aplicando criterios de rendibilidade económica”, ou ben resultar “necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico”. Estes requisitos son os que a recorrente considera que non concorren no encargo formalizado a favor de TRAGSATEC.

Agora ben, ao contrario do que afirma a recorrente, o artigo 86 LRXSP non se refire aos requisitos de cada encargo singular a un medio propio, senón que contempla os requisitos



necesarios para a creación dun medio propio. A declaración de medio propio e servizo técnico é previa á formalización dun encargo individualizado, sendo requisito “*sine qua non*” para esta última. (...).

O medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA nas relacións de cooperación entre Administracións Públicas ou entidades do sector público.

Por outra banda, segundo se dispón no artigo 5 do RD TRAGSA:

1.- TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, en virtude da súa condición de medios propios personificados e servizos técnicos, poderán ser achegadas polas administracións públicas nas súas relacións de cooperación con outras administracións ou entidades do sector público.

2. Esta relación de cooperación instrumentarase a través dun convenio entre as entidades participantes que especificará o interese público común que xustifique a subscrición do convenio, as actuacións a desenvolver e a achega de cada unha das partes.

Pois ben, con carácter previo ao inicio do procedemento de encargo aquí analizado, tal e como quedou exposto no antecedente segundo deste informe, a Presidencia resolveu aprobar, o 1 de abril de 2022:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta de “obras de acondicionamento de aparcadoiro”, para o fin común de mellora dos servizos e recursos públicos no rural, no termo municipal de Ribadeo; por importe total de 44.477,36 €, dos que 41.579,53 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo, e 2.897,83 € a cargo do Concello de Ribadeo.

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, para a realización conxunta de “obras de acondicionamento de aparcadoiros”, para o fin común de mellora dos servizos e recursos públicos no rural, no termo municipal de Foz; por importe total de 39.998 €, dos que 36.715,25 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo, e 3.282,75 € a cargo do Concello de Foz.

Ditos convenios asináronse polas partes os días 4 e 5 de abril de 2022, respectivamente.

Preparación e formalización do encargo.

No ámbito do procedemento de preparación e formalización do encargo, cómpre ter en conta o establecido no artigo 10 do citado RD TRAGSA, segundo o cal:

1. As actuacións obrigatorias que lles sexan encargadas a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC polos poderes adxudicadores estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias, pregos ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento, (...).

2. Con carácter previo á formalización do encargo e a súa comunicación a TRAGSA ou TRAGSATEC, o poder adxudicador deberá ter aprobados os documentos a que se refire o apartado 1 deste artigo e realizado os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.

No expediente do que forma parte este informe, intégranse, ademais do mesmo, a providencia de inicio do procedemento, memoria técnica que rexerá o encargo, borrador da proposta de Acordo da Xunta de Goberno para a súa formalización, e certificación de existencia de crédito para a autorización do gasto; sendo todos estes documentos requisitos técnicos necesarios para a tramitación dos aspectos xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.

O encargo como opción máis eficiente que a contratación pública.

Finalmente, indicar que a xustificación da lexitimidade do encargo ao medio propio obxecto deste informe, tal e como quedou exposta nos apartados anteriores, non é obstáculo para que, ademais, se deixe constancia das implicacións que a súa materialización ten con respecto ao principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, que debe estar presente na actuación de todas as Administracións Públicas ex artigo 3.1.f) da LRXSP.

Neste senso, cómpre salientar que a execución das actuacións por medio do encargo que se pretende formalizar supón un custo total para a Deputación (segundo o orzamento facilitado por



TRAGSA) de 78.294,78 €. Pola contra, a suma dos orzamentos incluídos nos proxectos presentados polos Concellos de Ribadeo e Foz nas súas solicitudes de cooperación ascende a 84.475,36 €.

Polo tanto, a execución das actuacións polo medio propio supón unha economía dun 7,32% con respecto ao orzamento de licitación, é dicir, un aforro de 6.180,58 €.

A este respecto, cómpre indicar que a propia LCSP establece, no seu artigo 30.1.b), que unha economía dun 5% sobre o importe do orzamento do contrato xustifica a execución de obras pola propia Administración, se ben se refire ao suposto de execución de obras empregando exclusivamente medios propios non personificados, o que, ao meu xuízo, non é óbice para entender que unha economía do 7,32% sobre os citados orzamentos supón a materialización do principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Elo sen deixar de ter en conta que a execución das actuacións a través dun medio propio personificado, como é TRAGSA, garante a eficacia, capacidade, solvencia e prezo aprobado a modo de tarifa pública.

Tamén repercute a utilización da figura do encargo nos principios de economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais, que tamén deben estar presentes na actuación de todas as Administracións Públicas ex artigo 3.1.i) da LRXSP.

Todo o que se informa aos efectos da tramitación do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das “obras de acondicionamento de aparcadoiros, nos termos municipais de Ribadeo e Foz, ao obxecto de mellorar os servizos e recursos públicos no rural”.”

No expediente constan, ademais:

Memoria técnica que rexerá o encargo.

Documentos, emitidos polos técnicos municipais competentes, que expresan que a execución das actuacións proxectadas non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Actas de reformulo previo, emitidas polos técnicos municipais competentes.

Orzamento do encargo e documento de xustificación de prezos, emitidos polo representante do Grupo TRAGSA en Lugo.

Certificado, emitido por TRAGSA, relativo á suficiencia de estrutura e medios suficientes para realizar o encargo, e a que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 30 % da contía daquel.

Certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por importe de 78.294,78 €, na aplicación orzamentaria 4190.65009.

Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación do encargo a medio propio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Tendo en conta o exposto, proponho que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización das “obras de acondicionamento de aparcadoiros, nos termos municipais de Ribadeo e Foz, ao obxecto de mellorar os servizos e recursos públicos no rural”, por importe de 78.294,78 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a executar de acordo coas especificacións contidas na memoria técnica que figura no expediente, e nun prazo máximo de 3 meses a contar dende a data de formalización do encargo.

2º.- Apreciar que a realización, por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación de Lugo, das actuacións descritas no apartado anterior, deriva da aplicación do principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos; garantindo, ademais, os de eficacia, capacidade e solvencia que se presumen de aquela.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “CIENCIA E CONCIENCIA. HISTORIA SOCIAL”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Ciencia e conciencia. Historia social”; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor don Fernando Villapol Parapar, na cantidade de vinte e seis euros (26,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de vinte e cinco euros (25,00€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

14.- PROPOSTA EN RELACIÓN CON RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de outubro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm 138 do 19 de xuño de 2021, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	CATEGORÍA	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
FEDERACIÓN GALLEGA DE RUGBI	ORGANIZACIÓN DE EVENTOS	SERIES PROVINCIAIS RUGBY LUGO: SEDE VILALBA	628,00

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN LIBRE.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019 (BOP núm. 299, do 31.12.2019) e aprobar as bases específicas que complementarán as bases xerais publicadas no BOP nº 101 de 6/05/2021.

2.- Caracterización das prazas.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2019	953	TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	1633	TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares	B	Xeral



3.- Sistema selectivo.

Con base no disposto no artigo 171.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “o ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso - oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva,...”; atendendo a que, para a realización das funcións das prazas que se convocan e dos correspondentes postos, a experiencia profesional no desempeño desas funcións (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas), presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

Considerando tamén que acreditar formación específica previa, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas e tendo en conta o acordo alcanzado na Mesa Xeral de Negociación do 11 de outubro de 2018, o sistema selectivo será o de concurso – oposición libre.

4.- Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Artigo 9.1.) do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que “son funcionarios de carreira quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente”.

Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Artigo 171.2 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso -oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.



Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Artigo 59.1 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020) sobre atribucións da Xunta de Goberno, que sinala que correspóndelle á mesma: Aprobar as bases para as probas de selección de persoal (...).”

Proposta de acordo.

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante e dotada, incluída na oferta pública de emprego do ano 2019 (BOP núm. 299, do 31.12.2019).

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2019	847 / 1331 953 / 1633	TÉCNICO/A SUPERIOR EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares	B	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN 8 PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR DE SALA, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN LIBRE.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a/as praza/s do cadro de persoal funcionario que a continuación se indican, vacantes e dotadas orzamentariamente, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019 (BOP núm. 299, do 31.12.2019).

2.- Caracterización das prazas.



Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
8	2019	895 / 1459 896 / 1460 897 / 1461 898 / 1462 899 / 1463 900 / 1464 901 / 1465 902 / 1466	AUXILIAR DE SALA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, prazas de cometidos especiais.	C / C2	Xeral

3.- Sistema selectivo.

Con base no disposto no artigo 171.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “o ingreso nesta subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso - oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva,...” e tendo en conta que nos atopamos diante dun proceso que ten, entre os seus obxectivos, estabilizar o emprego temporal; atendendo a que, para a realización das funcións da praza que se convoca e do correspondente posto, a experiencia profesional no desempeño desas funcións (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas), presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

Considerando tamén que acreditar formación específica previa, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto, tamén é beneficioso para o desempeño destas e tendo en conta o acordo alcanzado na Mesa Xeral de Negociación do 11 de outubro de 2018, o sistema selectivo será o de concurso – oposición libre.

4.- Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Artigo 9.1.) do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que “son funcionarios de carreira quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha

relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente”.

Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrancia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.



Artigo 171.2 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso -oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”

Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Artigo 59.1 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020) sobre atribucións da Xunta de Goberno, que sinala que correspóndelle á mesma: Aprobar as bases para as probas de selección de persoal (...)”

5.- Proposta de acordo.

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes e dotadas, incluídas na oferta pública de emprego do ano 2019 (BOP núm. 299, do 31.12.2019).

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
8	2019	895 / 1459 896 / 1460 897 / 1461 898 / 1462 899 / 1463 900 / 1464 901 / 1465 902 / 1466	AUXILIAR DE SALA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, prazas de cometidos especiais.	C / C2	Xeral

Con respecto ás bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021, publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta e cumprimento Decreto de data 14 de febreiro de 2022 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Ordinario 345/2017-P.

Dase conta do decreto de 14 de febreiro de 2022 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo dentro do Procedemento Ordinario 345/2017-P, seguido a instancia de D. Eduardo José, D. José Antonio y D^a. María de las Mercedes Salvador Castañer e en cuxo fallo dí o seguinte: “Aprobar la tasación de costas practicada en este recurso con fecha 12/01/2022 por importe de 726 euros, a cuyo pago ha sido condenada la Excm. Diputación Provincial de Lugo.



En caso de ser abonada a través de este órgano deberá ser ingresada en la cuenta de consignaciones de este juzgado”.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Decreto; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta de consignacións do Xulgado do Contecioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 726 euros.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.